

ACTA Nº 2018/5

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, MARTES 15 DE MAIO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 13:30 horas, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario accidental, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARIA BEATRIZ BSCYOY MACEIRAS

ASISTEN:

BNG

IRIA COUCE REGO

MAGIN FERNANDO LAGO TUIMIL

JOSE MANUEL SOTO SANCHEZ

PP

ROCIO LUACES ANTON

JORGE GONZALEZ ANEIROS

AQUILINO SUEIRAS DOPICO

AUSENCIAS:

MIGUEL ANGEL PEDREIRA RODRÍGUEZ

XULIO CRIBEIRO GARCIA

SECRETARIO ACCIDENTAL:

ANTONIO GARCIA MENDEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a sra. alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da proposta de solicitude á Deputación da Coruña de asunción de contratacion de obras e subministracións.

En data 12 de decembro de 2017, polo Pleno da Corporación do Concello de Moeche, adoptouse o Acordo polo que se **aprobaba a participación no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS + 2018"**, Así mesmo, no punto 5 acordábase tamén solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello a contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, a cal se entendería aprobada caso de que se producira.

Que, en data 19 de xaneiro de 2018 o Pleno da Corporación do Concello de Moeche, adoptou un Acordo de emenda do adoptado o 12 de decembro de 2017, e referido no epígrafe anterior. Neste Acordo non se procede a modificar o punto 5º referido do Acordo de 12 de decembro de 2017.

Que con data 22 de febreiro de 2017 o Pleno da Corporación do Concello de Moeche adoptou un acordo polo que se aprobaba a participación no **"Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017"** da Deputación Provincial da Coruña,. Así mesmo, **no punto 2 dese acordo se aproba o Plan Complementario do ano 2017** no que se inclúen o investimento financeiramente sostible *Mellora iluminación estrada AC862* así como se aproban os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas.

Que con data 17 de xaneiro de 2018 o Pleno da Corporación do Concello de Moeche adoptou o acordo polo que se aprobaba o proxecto de subministro "Mellora e aforro enerxético na iluminación pública no núcleo urbano de San Ramón e recinto feiral" para cuxo desenvolvemento asinou este Concello un **Convenio coa Deputación da Coruña** o pasado 17 de abril de 2018

Que por resolución da Alcaldía do día 04/04/2018 este Concello aprobou o **Plan Complementario ao Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA)** 2016, para a realización da obras MELLORA DE AREAS DE ESPARCEMENTO MUNICIPAL e aprobou o correspondente proxecto

Que actualmente e dada a falta de medios persoais e materias deste Concello para levar a cabo a licitación dos contratos que sexan necesarios para executar as obras e subministracións contempladas no "Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos)" "POS+2018" e demais plans e convenios citados arriba, resulta idóneo que os procedementos de licitación referidos sexan levados a cabo directamente pola Excm. Deputación da Coruña, sen prexuízo de que a dirección das obras, as incidencias que poidan xurdir na execución dos contratos que se celebren así como as cuestións relativas á extinción dos referidos contratos será responsabilidade do Concello de Moeche.

Por todo o exposto,

Propónselle ao Pleno da Corporación do Concello de Moeche que adopte o seguinte

Acordo:

Solicitar da Excm. Deputación da Coruña que, a través dos seus Servizos, leve a cabo os procedementos de licitación necesarios para poder levar a cabo:

A.- As obras e subministracións comprendidos no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de municipal" (Plan Único de Concellos) "POS+2018".

- 1.- Saneamento en Mil de Abaixo (Abade)
- 2.- Formación novas beirarrúas e reposición das existentes en Balocos
- 3.- Formación marquesiñas, cerramentos de residuos e outros en Balocos, Abade, Castelo, Santa Cruz e outros.

B.- As obras e subministracións comprendidas no Pos 2017 Plan adicional (POS+AD-2017)

- 1.- Mellora da iluminación na estrada AC-862
- 2.- Subministración e instalación equipamentos para parques municipais nas parroquias de San Xoán de Moeche e Santiago de Abade

C.- A obras comprendidas no Convenio asinado por este Concello coa Deputación da Coruña para o proxecto "Mellora e aforro enerxético na iluminación pública accesos e entorno da feira"

D.- As obras e subministración comprendidas no PMA complementario

- 1.- Mellora de áreas de esparcemento
- 2.- Así mesmo, e tras levar a cabo o procedemento de licitación, adxudicación e formalización dos referidos contratos pola Deputación da Coruña, este Concello será o responsable dos traballos relativos á dirección de obra, coordinación da seguridade e saúde, control de calidade e das, comprobación do replanteo, emisión das certificacións de obras, pagamento e demais incidencias que poidan xurdir na execución do contrato así como todo o relativo á os efectos e extinción do contrato.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime conveniente.

MOECHA CONCELLO

Sometida a consideración da Corporación a anterior proposta da Alcaldía, resultou aprobada por unanimidade con CATRO (4) votos a favor dos membros do Grupo Municipal do BNG e TRES (3) do Grupo Municipal do PP.

E, non habendo mais asuntos a tratar, ás trece horas e corenta minutos, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario accidental, dou fe.

O secretario accidental, Antonio García Méndez

A alcaldesa, Beatriz Bascoy Maceiras